



XORNADAS SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO E VIOLENCIA SEXUAL: OS DÍAS 13, 18 E 20 DE NOVEMBRO

O Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, en colaboración co Consello da Avogacía Galega e coas consellerías de Presidencia e Política Social, organiza unhas xornadas de formación inicial e continua sobre violencia de xénero, menores e violencia sexual.

Formación inicial

Esta formación, ou aqueloutra que sexa asimilable, é necesaria para aqueles Colexiados e Colexiadas que soliciten a súa incorporación á quenda específica de violencia de xénero, en cumprimento da esixencia en canto a formación específica na materia que se establece na lexislación vixente.

Formación continua

Esta formación, ou aqueloutra que sexa asimilable, é así mesmo necesaria para os Colexiados e Colexiadas que xa estean na quenda de violencia de xénero pero que non acrediten formación continua na materia durante **os tres últimos anos** (acordo da Xunta de Goberno do 07.10.2019).

Días: 13, 18 e 20 de novembro

Horario: 18.00 a 20.30 h

Lugar: salón de graos da facultade de Dereito

Prazas: 140, que se asignarán por orde de inscrición

Inscrición: ata cubrir as prazas dispoñibles, a través do seguinte [FORMULARIO](#)

Certificación: O ICA Santiago entregará a correspondente certificación de asistencia e aproveitamento que se estima suficiente para o acceso á quenda de oficio de violencia de xénero. Terán dereito a esta certificación as persoas que asistan, cando menos, ao 80 % das horas do curso e demostren aproveitamento na materia impartida.

Programa:

Xoves, 13 de novembro

18.00 h: “Asistencia letrada ás vítimas de violencia sexual”

María Martín González, avogada especializada en perspectiva de xénero no ámbito civil e penal do dereito

Martes, 18 de novembro

18.00 h: “Comarcalización do Xulgado de Violencia sobre a Muller”

Antonio Roma Valdés, fiscal xefe da Fiscalía de Santiago de Compostela

19.15 h: “A orde de protección, especial referencia ás medidas civís”



CIRCULAR INFORMATIVA 23/2025

María Paz Filgueira Paz, maxistrada do Xulgado de Instrución Núm. 3 de Santiago de Compostela

Xoves, 20 de novembro

18.00 h: “Funcionamento dos Centros de Crise de Atención a Mulleres Vítimas de Violencia Sexual”

Inés Rodríguez Leira, coordinadora e asesora xurídica do Centro de Crise de Santiago

Lara Fuentes Enjamio, psicóloga do Centro de Crise de Santiago

19.15 h: “O quebrantamento de medida cautelar, de pena e de prohibición”

Raquel Álvarez Barreiro, fiscal da Fiscalía de Santiago de Compostela